

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de xaneiro de 2022**

Ás 17.30 horas do día 19 de xaneiro de 2022, réunese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Socialista dona Rosario Rodríguez Delgado (substituída por dona Susana Rodríguez Estévez).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 9 de decembro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 9 de decembro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- FIXACIÓN DE PREZO PÚBLICO DUNHA PUBLICACIÓN FEITA DENTRO DO PLAN DE PUBLICACIÓNS DO EXERCICIO 2021

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

Fixar o prezo público da seguinte edición, dentro do Plan de publicacións do exercicio 2021, para darlle conformidade á Ordenanza provincial reguladora dos prezos públicos, publicada no BOP n.º 17, do 22 de xaneiro de 2011:

OBRA	Custo maqueta e impresión	PVP proposto
Lamas Carvajal, Valentín: <i>El cancionero del Miño. Lendas y tradiciones de Ourense</i> (Ed. Facsimil)	Maqueta e impresión 3.837,60 €. Número de exemplares: 500 PVP estimado para cada exemplar: 7,60 € PVP final proposto por redondeo da cantidade: 7€	7 € (IVE incluído)

3º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DA CORRECCIÓN DO DEFICIENTE FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS GALEGOS E SINGULARMENTE OS DA PROVINCIA DE OURENSE

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da moción, engadindo que, como exemplo da situación que está denunciando, no día de hoxe a Xunta de Galicia convocou no DOG unha liña de subvencións onde o criterio está a orde de entrada das solicitudes, que se abre hoxe mesmo ás 12.00 da noite.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, indica que reserva o voto para o Pleno.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que esta moción pode considerarse unha continuación á moción do Grupo Socialista que se tratou na sesión anterior. Di que existen numerosos servizos e competencias impropias dos concellos, como poden ser os conservatorios, piscinas climatizadas, limpeza ou conserxes nos colexios, que se prestan non só aos veciños dos concellos, senón tamén aos límites e que teñen que ser asumidos polos concellos ante a ausencia da Xunta de Galicia e desta Deputación. Sinala que nos últimos días a presidenta do PP da Comunidade de Madrid ou o mesmo presidente da Xunta de Galicia, Feijóo, están falando dun reparto a dedo, ilegal ou clientelar dos fondos Nex Generation, e pregunta que se esta situación chega a xudicializarse, unha hipotética sentenza que lle dera a razón ao PP explotaría nas mans da Deputación de Ourense e do seu sistema de reparto de fondos aos concellos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, manifesta que reservan voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do BNG, e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ao Parlamento de Galiza para a elaboración dunha lei no Parlamento Galego, consensuada coa FEGAMP, de regulación da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos, na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto.
2. Solicitalle á Xunta de Galiza un plan para os concellos, e para iso:
 - a. Integrar no Fondo de Cooperación Local todas as axudas e subvencións anuais que o goberno galego destina ás entidades locais, para maior respecto á autonomía financeira e á suficiencia local.

b. Crear un fondo anual de infraestruturas destinado ás entidades locais formado por aquelas transferencias de capital que a Xunta destina aos concellos a través de convenios e subvencións.

c. Activar un instrumento de transparencia que permita a visualización, anual e na serie histórica, das transferencias da Xunta ás entidades locais, e establecer medidas de reparto equilibrado das dotacións anuais recibidas por cada unha delas.

3. Esixirlle ao Parlamento do Estado español a reformulación dos criterios de distribución dos Fondos dedicados ás entidades locais, establecendo un criterio que reverta a actual situación, cunha fórmula que favoreza á poboación dos municipios con menor número de habitantes. En definitiva, que se Madrid ten unha ponderación de 1 por veciño, A Teixeira teña 1,5; Verín 1,4 e Ourense 1,3 facendo unha proposta construtiva. E que estes criterios de distribución teñan en conta a dispersión poboacional que incrementa substancialmente o custo dos servizos, en función do número de núcleos habitados.

4. Instar ao goberno do Estado español a que estableza que os Fondos Next Generation permitan o acceso directo aos concellos de menos de 50.000 habitantes, cun orzamento mínimo por concello e marcando claramente as liñas de actuación, de xeito que se impida un mal uso por parte das administracións locais.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.